

Fron da


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 51

ano 8

marzo-abril 2014

250 aniversario do Padre Feijoo (II) FORMACIÓN INTELECTUAL



No ano 1836 en pleno proceso de desamortización eclesiástica realizábase o *Inventario da biblioteca* do mosteiro beneditino de Santo Estevo de Ribas de Sil que presentamos neste número de *Fron da*.

A **desamortización** foi unha das principais medidas implantadas polo Estado liberal durante o século XIX para liquidar o Antigo Réxime e tiña por finalidade liberar a terra e os bens acumulados nas denominadas “mans mortas”. Para iso procedeuse á nacionalización e posterior poxa pública dos bens eclesiásticos. Esta medida axudaba a resolver o grave problema da débeda pública ao tempo que buscaba dinamizar a economía mediante a creación dunha masa de propietarios que, en teoría, farían unha explotación mercantil daquelas propiedades, e que haberían de constituir a base social do liberalismo.

Para iniciar o proceso desamortizador foi preciso **inventariar os bens** das institucións relixiosas afectadas que foron administrados e vendidos pola Facenda Pública. Esta é a razón de que entre os fondos da Delegación do Ministerio de Facenda en Ourense atopemos os inventarios das **bibliotecas monacais**.

Este documento interésanos como exemplo da importancia que tiveron os libros na **formación dos monxes bieitos**, como é o caso do Padre Feijoo, quen puido pasar un século antes por aquel mosteiro, segundo conxectura algún autor.

O **inventario** recolle un total de 1000 títulos; e choça que entre eles non haxa ningún daquel sabio nado moi preto, en Casdemiro. Fai referencia aos autores das obras, as veces aos títulos, e reflicte certa distribución por materias, cun predominio das Sagradas Escrituras, a Teoloxía, a Moral e a Filosofía. Entre os fondos bibliográficos de Santo Estevo tamén había haxiografías, devocionarios e libros de predicación, xunto con obras de autores clásicos (Séneca, Ovidio, Aristóteles, Platón...) e dos períodos renacentista e barroco (Nebrija, Erasmo, Cervantes...).

1836, marzo, 31 - abril, 7. Santo Estevo de Ribas de Sil
Inventario da biblioteca do Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil
22,5 x 32,3 cm
AHPOu, Delegación Provincial do Ministerio de Facenda, C - 10261 257v-258r

Edificación do pensamento crítico do Padre Feijoo

“¿Qué cosa más dulce hay que estar tratando todos los días con los hombres más racionales y sabios que tuvieron los siglos todos, como se logra en el manejo de los libros”, dicía o P. Feijoo, no seu *Teatro Crítico*, dando mostra da súa natural inclinación ao estudo. A súa renuncia ao morgado familiar (que lle correspondía como primoxénito) en favor dunha vida monacal, máis propia dos segundóns, permitíralle cumprir con esa inclinación.

Non hai dúbida de que a Orde bieita na que profesou era propicia para a **vida intelectual**; como mostra a *Constitución de la Congregación de nuestro Glorioso Padre San Benito en España* (Madrid, 1706), que establecía que non se debía “quitar el estudio por ninguna ocasión” ao colexial que “diera buena cuenta de sí en sus estudios, y tuviera buena opinión de su vida y costumbres”.

A **aprendizaxe** do sabio ourensán partiu dunha matriz eclesiástica: a Teoloxía, a Filosofía, as Artes e as Sagradas Escrituras foron as principais materias. A base daquela formación monástica era o **sistema aristotélico-escolástico**, fundado no pensamento dedutivo a partir do principio de autoridade. Segundo este principio, importaba máis quen emitía un xuízo que as razóns que esgrimía no seu favor. Isto implicaba que existisen certas obras excluídas da crítica, ben por ser consideradas revelación divina, como as Sagradas Escrituras, ou ben por estar incluídas nun canon textual de autores cun prestixio consagrado, como Aristóteles, Ptolomeo, Hipócrates ou Galeno, entre outros. Esta formación deixou algúns rastros perceptibles na obra do P. Feijoo.

Non obstante, afastouse desa liña escolástica e edificou un **pensamento crítico**, esencialmente contrario ao principio de autoridade, do que nos daba testemuño na súa obra *Teatro Crítico* ao afirmar que como “ciudadano libre de la República Literaria, ni esclavo de Aristóteles, ni aliado de sus enemigos, escucharé siempre con preferencia a toda autoridad privada lo que me dictaren la experiencia y la razón”.


Influencias intelectuais: maurinos e novatores

A edificación do pensamento crítico feijooniano ten os seus alicerces en dous elementos. En primeiro lugar hai que mencionar a influencia do pensamento dos **maurinos franceses** (entre os que destacou Mabillon). Os bieitos de San Mauro realizaron un labor extraordinario de erudición crítica, de análise e interpretación das fontes históricas. Ademais, mostraron unha importante apertura aos estudos profanos. Ambos os dous elementos foron determinantes no desenvolvemento das ciencias humanas ao longo dos séculos XVII e XVIII.

A influencia destes maurinos recibíuna Feijoo a través da Congregación Bieita de Valladolid. Os profesores de San Vicente de Salamanca, onde Feijoo fixo parte dos seus estudos, mantiñan contactos culturais cos mauri-

nos da abadía de Saint-Germain-des Prés de París, berce desa renovación das humanidades.

A segunda influencia no pensamento crítico do “Padre Maestro”, como era coñecido Feijoo no seu tempo, está na obra dos **“novatores”**, renovadores das ciencias en España. Estes reclamaban liberdade para investigar, pensar e ensinar, cuestionando, polo tanto, o monopolio do saber polas estruturas universitarias e científicas ancoradas na escolástica.



Portada do exemplar do tomo IV da obra do P. Feijoo *Cartas eruditae y curiosas*, conservado no Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Lecturas dun filósofo escéptico

A través da obra dos novatores e das abondosas lecturas autodidactas que o P. Feijoo realizou (Newton, Bacon, Bayle...), converteuse nun defensor do que podería denominarse como filosofía escéptica. A base desta sería o **empirismo** fundado no **pensamento indutivo**: a partir da experimentación, da observación dos casos particulares pode realizarse unha suma de experiencias que proporciona o coñecemento.

O “Padre Maestro” contou coa **biblioteca de San Vicente de Oviedo** xunto coa súa importante librería persoal, formada grazas a doazóns procedentes de diversas persoas, incluso da realeza.

Feijoo estivo ao tanto das correntes de pensamento máis novidasas do contexto europeo. Nese labor de provisión bibliográfica contou coa colaboración de **frei Martín Sarmiento**, quen lle remitía frecuentemente as novidades editoriais estranxeiras desde Madrid. A longa sedimentación de lecturas tan heteroxéneas levou ao P. Feijoo a ter o convencemento de que a cultura, o saber dunha colectividade, estaba formado pola agregación de saberes parciais, imposibles de dominarse mediante un esforzo individual.

O P. Feijoo ensinou aos seus lectores a **pensar escépticamente**, sen medo a cuestionar o que lles aprenderon os seus maiores e sen necesidade de ter a certeza do saber, buscando dun xeito crítico a verdade. Neste razoamento baséase a súa consulta e reinterpretación dos distintos autores, movido, segundo afirma no seu *Teatro Crítico*, polo “designio de impugnar errores comunes (...) cuando puede ser universal el provecho”.